



## **Estimadas familias do alumnado de 6º curso de Primaria:**

Próximo a rematar o período de reserva de praza para 1º da ESO en centros adscritos, e respectando sempre o dereito de elección de centro que como pais e nais vos asiste, queremos lembraros un par de cuestións que debedes ter en conta para tomar as vosas decisións, segundo recolle a normativa vixente:

1. O noso centro está adscrito ó IES de Valadares.
2. Isto quere dicir que o alumnado de 6º de Primaria ten preferencia para matricularse nese centro, sempre que se faga a reserva de matrícula en tempo e forma (é dicir, entregando o documento de reserva no C.E.I.P. Alfonso D. Rodríguez Castelao antes do día 7 de febreiro).
3. Pasado o 6 de febreiro, se non existe reserva previa, o alumnado perde a preferencia no IES Valadares, polo que as prazas vacantes ofertaranse para o alumnado non adscrito.
4. O alumnado sen reserva poderá solicitar praza polo procedemento ordinario noutros centros.
5. A obtención de prazas nos centros non adscritos dependerá do número de prazas vacantes (despois de adxudicar as do alumnado adscrito) e dos puntos que se obteñan no proceso de baremación.
6. Unha vez rematado este proceso, e de non obter praza no mesmo, non se poderá alegar dereito de preferencia no IES Valadares, xa que este se perdeu, como se indica no punto 3.

En caso de que teñades algunha dúbida ó respecto poderedes contactar co colexio.

Moitas grazas e un saúdo.